



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: DECLARACIÓN DE LUTO OFICIAL POR DON MANUEL PARGA VERDES Y DON JOSÉ ADOLFO POSE VILARIÑO

Como testemuño da dor do pobo de Malpica de Bergantiños polo accidente de tráfico acontecido a noite do 1 de Outubro de 2020 no porto de Malpica de Bergantiños no que faleceron don Manuel Parga Verdes e don José Adolfo Pose Vilariño, veciños do Concello, o Goberno ten a vontade de facer pública a súa dor.

Previa deliberación dos integrantes da Corporación en reunión celebrada o 1 de outubro de 2020 as 12 horas e atendendo as competencias conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente RESOLVO,

Primeiro.- Declarar 2 días de loito oficial desde as 00.00 horas do día 2 de outubro ata as 23:59 horas do día 3 de outubro de 2020, durante os cales as bandeiras, en todos os edificios municipais, ondearán a media hasta.

Segundo.- Mostrar a condolencia e solidariedade desta Corporación e de todos os veciños de Malpica de Bergantiños ás familias das vítimas.

Terceiro.- Suspender os actos de lecer programados para as sinaladas horas e manter pechados os locais municipais de ocio.

Cuarto.- Dar conta deste Decreto ao Pleno do Concello na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr Alcalde Walter Pardo Añón, do que eu, Eva Jardón López, como Secretaria, e aos únicos efectos de fe pública (RD 128/2018, de 16 de marzo) dou fe.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>(Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)